

Que é a HOAC?

A "Hermandad Obrera de Acción Católica" (HOAC) foi creada en 1946 pola Igrexa española, como movemento especializado dentro da Acción Católica para a evanxelización do mundo obreiro.

Está formada por homes e mulleres que decidiron vivir a fe e o seguimento a Xesucristo nas condicións de vida e traballo do mundo obreiro, nos sectores máis débiles e empobrecidos, realizando un compromiso evanxelizador no seu lugar de traballo, nos seus ambientes, nas organizacións obreiras..., participando activamente na súa Igrexa diocesana, achegando así a Igrexa ao mundo obreiro e o mundo obreiro á Igrexa. Os membros da HOAC chamámonos militantes.

Unha tarefa fundamental da HOAC é facer xurdir, formar, orientar e soste r militantes obreiros cristiáns cun Proxecto Evanxelizador. De aquí a importancia que ten a formación, entendida como o logro progresivo dun modo de ser, de pensar, de sentir, de actuar e de vivir, persoal e comunitariamente, profundamente cristián.

Máis información:




www.hoacferrol.wordpress.com



www.facebook.com/hoacferrol

50 Guillermo Rovirosa

aniversario da súa morte



Venres 28 de febreiro: DOMUS ECCLESIAE

Sábado 1 de marzo: PARROQUIA DE SANTA MARÍA DE CARANZA

ACCESO LIBRE

"Deus fálanos a través das dificultades, dinos que non é momento de apatías nin morezas, é hora de conversión e de vivir con radicalidade e autenticidade o noso compromiso evanxelizador:

É hora de levar a boa noticia ao mundo obreiro; perténcelle"

(Guillermo Rovirosa)



www.hoacferrol.wordpress.com



www.facebook.com/hoacferrol



Máis información:

www.facebook.com/hoacferrol

www.hoacferrol.wordpress.com

#50Rovirosamondoñedo

Guillermo Roviroso Albet nace en Vilanova i a Geltrú (Barcelona) o 4 de agosto de 1987. Aos 18 anos rompe coa vida cristiá e comeza os estudos na escola de Directoras de Industrias Eléctricas de Barcelona. En 1922 casa con Catalina Canals. Vive un tempo de desorientación e de procura da verdade nas filosofías e correntes relixiosas do momento. Trasládanse a París.

Unhas palabras casualmente ouvidas ao Arcebispo de París fanlle ver que rexeitou a Xesucristo sen coñecelo realmente. Por honestidade, emprende un proceso de información sobre a figura de Xesús que culmina coa súa conversión á fe cristiá en Nadal de 1933.

Traballa en Madrid. Alí sorpréndelle a guerra civil. É elixido presidente do comité obreiro da súa empresa. Organiza unha capela clandestina na súa casa. Entra en contacto coa Doutrina Social da Igrexa. Ao terminar a guerra é condenado a 12 anos de cárcere, dos que cumpre un.

A finais de 1940 incorpórase á Acción Católica. En maio de 1946 os bispos de España encárganlle a tarefa e organizar e pór en marcha a Irmandade Obreira de Acción Católica (HOAC), como movemento apostólico especializado para obreiros adultos. Dedicarase de maneira total ao apostolado no mundo do traballo, vivindo como un obreiro pobre.

Viaxa infatigablemente por toda España, organizando cursos, fai posible o semanario obreiro "TU!", dirixe o "Boletín HOAC", visita a maioría dos Seminarios, coida especialmente a formación de militantes. A súa palabra fonda e directa conmove sempre, reclamando a vivencia xenuína do Evanxeo, a valoración do traballo e a dignidade do obreiro.

En 1957 a xerarquía eclesiástica retírao da dirección da HOAC. Roviroso asúmeo con inmensa paz e, en diante, e tras un accidente en que perde un pé, fai longas estancias en Monserrat. É este un tempo moi fecundo, de profundización espiritual, de avance no seu pensamento e de permanente colaboración apostólica.

O 27 de febreiro de 1964 morre en Madrid.

O seu proceso de canonización atópase aberto. A súa santidade é algo que para nós está fóra de toda dúbida.

Programa

✓ Primeiro acto:

Día 28 de febreiro (venres) ás 20 horas na **Domus Ecclesiae**

Conferencia, proxección e coloquio: "Guillermo Roviroso, Apóstol do Mundo Obreiro"

- **Preside:** D. Manuel Sánchez Monge, Obispo da Diocese
- **Ponente:** D. Alfonso Gil Montalbo, Consiliario Diocesano da HOAC e vicepostulador da causa de canonización de Guillermo Roviroso
- **Presenta e modera:** Dna. M^a Teresa Vilariño, Presidenta Diocesana da HOAC

✓ Segundo acto:

Día 1 de marzo (sábado) ás 20:15 horas na **Parroquia de Santa María de Caranza**

Celebración dunha vixilia de oración